



RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO PREMIO DE CURTAS DE ANIMACIÓN EN GALEGO ELABORADAS NO MARCO DO PROGRAMA *NÓS TAMÉN CREAMOS!*

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, mediante unha disposición conxunta do 27 de novembro de 2017, aprobaron as bases e convocaron o premio a curtas de animación en galego elaboradas no marco do programa *Nós tamén creamos!* en centros de infantil e primaria de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso 2017-2018.

De acordo co establecido no artigo 10 da convocatoria e tendo en conta a proposta de resolución realizada pola Comisión de Selección,

RESOLVEMOS:

Declarar gañadoras as seguintes curtametraxes, correspondentes aos premios convocados:

CATEGORÍA 1: 2.º ciclo de educación infantil

- *A mellor sopa do mundo* – CEIP Labarta Pose. Zas. A Coruña

CATEGORÍA 2: 1.º e 2.º cursos de educación primaria

- *Coas mans baleiras* – CEIP de Ponzos. Ferrol. A Coruña

CATEGORÍA 3: 3.º e 4.º cursos de educación primaria

- *A mellor sopa do mundo* – CEIP A Xunqueira núm. 2. Pontevedra

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

